

## UN ACORDO QUE ASEGURA O PRESENTE E O FUTURO DAS PENSÍONS

É a primeira vez que as pensións se financiarán sen recortar dereitos

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, firmou, xunto ao ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá, e o secretario xeral de CCOO, Unai Sordo, a segunda parte da reforma das pensións.

Unha firma na que Álvarez mostrou a súa “satisfacción por completar a mellor reforma das pensións da historia. Poucas veces asinamos un acordo coa satisfacción que nos produce asinar este acordo”.

Neste sentido, agradeceu “aos negociadores por aguantar ben un proceso longo e complexo co Goberno. Non foi fácil chegar ao acordo, pero demostramos que era posible, que tiña encaixe e garantimos o sistema para o presente e o futuro, porque esta reforma vai dirixida especialmente ás persoas mozas, que saben que con este acordo teñen garantido o seu futuro en pensións”.

Tamén “felicitar ao Goberno pola súa capacidade de negociar coa Unión Europea, xa que este acordo conta co respaldo de Europa tamén. Resolvemos a primeira parte desta reforma en 2022 e completamos unha segunda parte que ten unha importancia histórica”, considerou.

Durante o proceso de firma, o secretario xeral de UGT resaltou que “é a primeira vez que asinamos un acordo cun período tan longo de implementación, que equilibra gastos con ingresos, algo fundamental”.

Ademais, “conseguimos tamén facer o proceso de transición entre o sistema actual, ata 2043, co sistema anterior, sendo conscientes de que



os traballadores e traballadoras teñen problemas de cobertura co anterior que aquí lles vai a beneficiar”.

### O Comité Confederal Extraordinario de UGT ratifica por unanimidade o acordo

Durante a mañá do mércores, o Comité Confederal de UGT, convocado de maneira extraordinaria na sede do sindicato situada en Avenida de América número 25 (Madrid), ratificou por unanimidade a reforma das pensións negociada no Diálogo Social entre os sindicatos e o Goberno.

Un acordo que, para o Comité Confederal, é “moi positivo e beneficioso” para as persoas traballadoras, en xeral, e para os e as pensionistas e as persoas mozas, en particular. Un acordo que asegura e garante a sustentabilidade e viabilidade do sistema público de pensións grazas aos ingresos, non a recortar dereitos.

### CEOE volve descolgarse do

### diálogo social

Pepe Álvarez tamén afeou a ausencia de CEOE na firma da reforma. “É unha mágoa”, manifestou. “Non hai argumentos que xustifiquen que non estea presente nesta firma. Temos que lembrarles que o noso sistema foi reducindo as cotas empresariais en 4 puntos desde 1982 ata hoxe. Non é menos que o destope que prevemos no acordo”.

Desta forma, lembrou que “o destope era a conclusión do primeiro acordo. Por iso, mostramos a incoherencia da patronal por asinar o primeiro acordo tendo en cuenta que había que pagar o segundo acordo tamén. As cotas á Seguridade Social son salario diferido. Os traballadores e traballadoras pagan a caixa da Seguridade Social e, á vez, os grandes beneficios empresariais”.

Ademais, “é un proceso garantista desde o punto de vista xurídico, as empresas saberán ata 2050 cal é o desembolso que terán que facer en relación ás cotizacións á Seguridade Social”.

## O SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA MOBILÍZASE ANTE A PARÁLISE DA NEGOCIACIÓN DOS CONVENIOS

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras do sector do transporte de viaxeiros por estrada manifestáronse este xoves en Santiago para denunciar a actitude da patronal que ten paralizada a negociación dos convenios colectivos.

Concretamente, en A Coruña e Pontevedra ofrecen un ridículo 0,8% de incremento salarial e en Lugo e Ourense nin tan sequera se sentan a negociar, con convenios en ambos casos que xa levan cinco anos caducados.

Esta situación, como apuntan dende FeSMC-UGT, é xa intolerable cuns prezos fóra de control.

Pero no é só a suba salarial. O sector está a atravesar pola peor si-



tuación que se recorda e que mesmo está a poñer en cuestión a seguridade dos traballadores e traballadoras. E todo isto coa complicidade da Xunta.

Ademais da mobilización do xo-

ves en Santiago, ao longo da semana estanse a suceder asembleas por toda a xeografía galega nas que se analizará a posibilidade de convocar un día de folga e outro calendario de mobilizacións para despois de Semana Santa.

## ASINADO O III CONVENIO DE CONTACT CENTER CON IMPORTANTES MELLORAS PARA MÁIS DE 100.000 TRABALLADORES E TRABALLADORAS

**Redacción.-** O pasado martes asinou o III Convenio colectivo de contact center, despois de máis de tres anos de negociación, con importantes melloras para máis de 100.000 traballadores e traballadoras do sector, especialmente no ámbito salarial e de estabilidade no emprego.

Este convenio achega melloras destacables como a subrogación de traballadores, regulación do teletraballo, compensación de xornadas, regulación da temporalidade e algo especialmente importante no actual contexto de inflación: subida de salarios.

Neste sentido, os profesionais deste sector verán mellorados os seus salarios (un mínimo dun 10% en tres anos e un máximo do 18% en 5 anos) e a súa estabilidade laboral (subrogación e contratación indefinida).

### Secuestro da negociación colectiva

Con todo, tal e como sinalou Antonio Oviedo, secretario xeral de FeSMC-UGT, “o anterior convenio do sector venceu en decembro do ano 2019 e desde entón ata hoxe pasaron



máis de tres anos”. Nese tempo os traballadores e as traballadoras de contact center estiveron expostos a cambios como “o teletraballo e a inflación de prezos que lles prexudicaron, precisamente porque non había convenio”.

Por outra banda, como recoñeceu María Pedraza, responsable do Sector de Seguros e Oficinas de FeSMC-UGT, “resulta intolerable que a negociación deste novo convenio se dilata máis de tres anos, con mobilizacións e folgas, para lograr un acordo”.

A renovación dun convenio colec-

tivo debería ser algo normalizado nun país moderno, algo asumido como necesario polas propias asociacións empresariais porque ofrece garantías e seguridade a todos: traballadores e empresas.

O secuestro da negociación colectiva que se viviu neste sector é unha anomalía que se estende, lamentablemente, a outras actividades do sector servizos. “Esta situación tense que terminar: polo ben da nosa economía, dos nosos sectores produtivos, dos traballadores e das propias empresas”, manifestou o secretario xeral de FeSMC-UGT ao peche da súa intervención.

## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE VODAFONE RECLAMAN CONDICIÓN SALARIAIS DIGNAS

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras de Vodafone en Galicia abriron un calendario de mobilizacións para denunciar a proposta insuficiente de subida salarial posta enriba da mesa pola empresa para o 2023.

Denuncian que esta proposta, dun 3%, está moi por debaixo das que están a realizar outras empresas do sector e amósase completamente afastada da realidade económica.



## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PRESENTA EN FERROL A PUBLICACIÓN “HILDEGART NA PRENSA SOCIALISTA. ARTIGOS”

**Redacción.-** O martes 14 de marzo, a Fundación Luís Tilve presentou en Ferrol a súa nova publicación: "Hildegart na prensa socialista. Artigos", na que se recollen por primeira vez os 79 artigos da súa etapa máis activa, nos que se pode coñecer a súa faceta de propagadora de ideais, de activista feminista e socialista, moi afastada da imaxe trágica da que tanto se ten escrito en novelas, obras de teatro, películas, estudos... sempre á sombra da figura da súa nai.

### Unha muller libre e vivaz

Esta obra nos permite escoitar a verdadeira voz dunha muller libre e vivaz, que tivo a valentía de falar das pésimas condicións de traballo, da explotación infantil, da defensa dos animais, da lacra da guerra que facía das clases traballadoras “carne de cañón”, do prexuízo dos caciquismos, pero que sobre todo destacou pola defensa do feminismo dende un punto de vista moi vangardista para a súa época, en sintonía coas correntes máis progresistas que estaban tendo lugar en Europa, avogando por conceptos como a educación sexual, a anticoncepción ou o divorcio, dos que era gran coñecedora a nivel internacional, publicando ensaios de relevancia como “La rebeldía sexual de la juventud”, “La educación sexual” ou “El control de la natalidad”, e participando na constitución da Liga para a reforma sexual, da que era secretaria.


De todo elo se falou no acto que tivo lugar no Centro Cultural Torrente Ballester, dentro do programa do Día Internacional da Muller, en colaboración co Concello de Ferrol, cuxa concelleira de Igualdade, Cristina Prados, presentou o coloquio, que foi moderado polo secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza.

Os historiadores e documentalistas, Eliseo Fernández e Francisco Xavier Redondo, recompiladores da obra, xunto á doutora en Ciencias da Información e experta en Hildegart, Rosa Cal, debullaron os artigos da obra, aos que lle outorgaron un gran valor costumista, e incidiron na importancia da mesma, xa que recupera a memoria dunha das mozas máis destacadas dunha xeración única e excepcional de mulleres revolucionarias que viron truncados os seus sonos pola ditadura, a incompreensión e a intolerancia.

A obra está xa á venda nas librerías, distribuída polo Consorcio Editorial Galego, sendo unha recomendable lectura para comprender aqueles anos dende a visión dunha moza vívida, xa

### HILDEGART NA PRENSA SOCIALISTA

ARTIGOS DE HILDEGART EN EL SOCIALISTA E RENOVACION



INTRODUCCIÓN, COMPILACIÓN E NOTAS:  
FRANCISCO XAVIER REDONDO ABAL E ELISEO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

que como dicía Hildegart, “a labor do socialismo é facer pensar”.



## DECEPCIÓN ANTE O FRACASO DA REFORMA DA 'LEI MORDAZA'

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores e Comicións Obreiras mostraron a súa decepción ante o fracaso consumado da reforma da denominada 'Lei mordaza'. Ambas as organizacións lamentaron que os cambios na Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, cuxo ditame foi debatido e votado en contra na Comisión de Interior do Congreso dos Deputados, non prosperasen, co que o texto da lei aprobada polo Partido Popular permanecerá intacto.

Para ambos os sindicatos, o feito de que non fose posible chegar a un acordo por parte dos grupos que pretendían reformar a norma conlevará o mantemento dunha lei sumamente lesiva para as liberdades civís e os dereitos da cidadanía. Desde UGT e CCOO entendemos que aínda había marxe para a negociación e que a aprobación do ditame na Comisión de Interior tería dado máis tempo para buscar un consenso máis amplo antes



da súa votación definitiva no Pleno da Cámara Baixa, onde se tería producido a súa aprobación ou rexeitamento final debido ao carácter orgánico da lei.

Así mesmo, tanto UGT como CCOO consideran que os catro puntos sobre os que viraban as negociacións deberían ser obxecto dunha maior ambición e flexibilidade por parte do Goberno para alcanzar un acordo que permitise conti-

nuar adiante coa reforma da lei.

Segundo UGT e CCOO, ao non progresar a reforma da 'lei mordaza', mantense o texto que o PP impuxo coa súa maioría absoluta en 2015 en contra dos movementos sociais, sindicais e do resto de forzas políticas de esquerda do arco parlamentario nuns momentos de forte contestación social ante as medidas de recortes e austeridade impulsadas polo Executivo de Mariano Rajoy.

## AS EMPRESAS CONTINUÁN SACANDO TALLADA DA INFLACIÓN

**Redacción.-** Os datos do IPC do mes de febreiro publicados polo INE mostran unha taxa anual dos prezos do 6%, unha décima máis que o mes pasado, aumentando así por segundo mes consecutivo. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente estrutural, tamén se incrementa unha décima máis respecto a xaneiro, alcanzando unha variación anual do 7,6%, a máis elevada desde decembro de 1986.

Neste sentido, os datos destacan o encarecemento anual dalgunos produtos básicos como o azucre (+52,6%), o aceite de oliva (+33,5%), o leite enteiro (+33,2%) ou os ovos (+28%), o que demostra como as reducións no IVE dos alimentos non están a ter o impacto esperado, xa que este grupo continúa liderando a presión á alza dos prezos. En termos mensuais, resalta o repunte do prezo da electricidade (+12,6%), e pon de relevo a necesidade de seguir avanzando cara un sistema de fixación de prezos que aproxime a retribución de cada tecnoloxía en función dos seus custos de xeración, conformando así un mercado enerxético máis xusto e eficiente.

Unha situación que, para UGT, pon de manifesto a necesidade imperiosa de aumentar os salarios no noso país, xa que

os soldos en convenio rexistran unha subida media ata febreiro do 2,9%, é dicir, 3,2 puntos por baixo do IPC xeral e 4,8 menos que a taxa de inflación subxacente. Desta forma, as empresas seguen sacando tallada do contexto inflacionista actual, aumentando as marxes e cultivando beneficios desproporcionados á conta do peto da clase traballadora. Así, organismos como o Banco Central Europeo ou a Comisión Europea recoñeceron recentemente como os beneficios empresariais son os principais causantes da espiral inflacionista, polo que existe marxe para moderar os mesmos e incrementar os salarios.

Por todo iso, UGT reclama un gran acordo salarial que traslade parte dos excedentes empresariais ao conxunto dos traballadores e traballadoras. Desta forma, xunto a CCOO, elaboramos unha proposta de incremento salarial para o próximo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) 2022-2024, no que expomos subidas salariais do 5% en 2022, do 4,5% en 2023 e do 3,75% en 2024, xunto á inclusión nos convenios colectivos dunha cláusula de revisión salarial que teña en conta a evolución do poder de compra dos salarios e a evolución da marxe de beneficios das empresas. Así, o sindicato reclama á patronal

que cese canto antes na súa situación de bloqueio das negociacións, acordando unha proposta que non só é beneficiosa para a clase traballadora, senón tamén para o interese económico e xeneral do país.

### Datos de interese

O IPC para o mes de febreiro sitúa a taxa xeral de prezos nun 6%, unha décima máis que xaneiro. En termos mensuais, os prezos creceron un 0,9%, o maior incremento nun mes de febreiro desde 1980. Pola súa banda, a taxa subxacente, que non inclúe os produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados, crece tamén unha décima respecto ao mes anterior, alcanzando o 7,6%, a taxa máis elevada desde decembro de 1986.

O INE destaca o grupo de transporte –pola baixada do prezo dos carburantes– como aquel que máis presión exerce no descenso da taxa anual do nivel xeral de prezos. En contraste, os grupos de vivenda –determinado pola subida da electricidade– e os alimentos e bebidas non alcohólicas son aqueles que destacan pola súa influencia no aumento da taxa anual de prezos.

## UGT ALERTA DE QUE EN XANEIRO AUMENTARON UN 30,2% OS ACCIDENTES LABORAIS MORTAIS

**Redacción.-** Segundo datos do Ministerio de Traballo e Economía Social de avance correspondentes ao mes de xaneiro de 2023, producíronse 81.961 accidentes de traballo, dos que 43.607 causaron a baixa laboral do traballador (aumentando este dato nun 11,1%) e 38.354 non produciron incapacidade temporal (experimentando un aumento do 13,1%).

Os datos sinalan que 63 accidentes acabaron coa morte da persoa traballadora, aumentando esta cifra nun 23,5% respecto aos datos de avance de xaneiro de 2022, o que supoñen 12 mortes máis. Unhas cifras que, aínda que debemos tomar con cautela e esperar á súa evolución ao longo do ano, son alarmantes. Máis aínda cando 2022 deixou 826 persoas traballadoras mortas en accidente laboral.

Os datos mostran que a seguridade e saúde no traballo está a deixarse nun segundo plano nas empresas, xa que en xaneiro de 2023 apréciase un aumento dos accidentes con baixa do 11,1% e é preciso destacar o enorme incremento dos accidentes mortais ocorridos durante a xornada laboral do 30,2%.

Mención especial requiren as mortes por infartos e derrames cerebrais, que alcanzaron as 26, é un aumento de 11 mortes máis respecto ao dato de xaneiro de 2022, o que

supón un incremento do 73,3%.

Por iso, UGT insiste na posible relación destas mortes coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral e advirte de que os problemas de saúde mental entre a poboación traballadora non son atendidos desde a perspectiva da saúde laboral e son os peor xestionados nas empresas, xa que en moitas ocasións nin se queira avalíanse, nin se aplican medidas preventivas para evitalos. Ademais, as patoloxías derivadas da exposición a este tipo de risco, por regra xeral, non se consideran como continxencias profesionais, polo que apenas se declaran como accidente de traballo e non son considerados como enfermidade profesional, xa que non están incluídos na listaxe española.

O sindicato insta ao Goberno a iniciar as negociacións na mesa de diálogo social en materia de sinistralidade laboral que se anunciou na firma da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027, para acordar medidas urxentes que poñan fin a esta situación.



UGT reitera a necesidade de articular un Plan de choque contra a sinistralidade laboral de forma inmediata onde non pode faltar a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que a primeira causa de morte durante a xornada de traballo son os infartos e derrames cerebrais, patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

Por último, insiste en que hai que dotar á Inspección de Traballo de maiores recursos, tanto humanos como materiais, para vixiar e controlar o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais. De igual forma hai que dotar de maiores medios á Fiscalía especializada en sinistralidade laboral para que investigue e depure responsabilidades. Non podemos consentir que estas mortes queden impunes.

## RETOS E TEMAS PENDENTES TRAS 3 ANOS DO CONFINAMENTO

**Redacción.-** Esta semana cumpríronse 3 anos desde que se decretou o inicio do confinamento derivado da pandemia por COVID-19, que marcou un antes e un despois. A sociedade española foi un exemplo de responsabilidade á hora de combater esta enfermidade que se cobrou a vida de 120.000 persoas.

Durante aquel tempo, moitas persoas traballadoras continuaron prestando servizos presencialmente no seu lugar de traballo, por exemplo na asistencia sanitaria, o coidado de persoas maiores e dependentes, a educación, o transporte, a fabricación, a construción, a industria da limpeza, o comercio, a agricultura ou a industria alimentaria. Outras desempeñaron os seus labores a través do teletraballo desde os seus domicilios. Ambas as situacións xeraron riscos e retos fronte á protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Daquelas situacións vividas entendimos que a saúde pública e a saúde laboral deben ir da man. Empezouse a traballar co fin de con-

seguir unha maior coordinación entre as diferentes administracións con vistas a futuras crises. Un bo exemplo témolo na recentemente asinada Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027.

Os problemas de saúde mental da poboación foron obxecto de debate. Influido, sen dúbida, pola situación dos traballadores e traballadoras do sector sanitario e socio sanitario que tiveron que enfrontarse a longas xornadas de traballo. Loitaron contra unha enfermidade para a que non existía tratamento sen equipos de protección individual, o que lles ocasionou graves consecuencias para a súa saúde non só física senón sobre todo mental. No outro extremo atopábanse os novos teletraballadores, que non podían desconectar e que mantiñan unha dispoñibilidade permanente que igualmente lles pasou factura.

Quedan retos e temas pendentes, non só no referente á saúde pública senón tamén á saúde laboral. Como reto, débese afrontar a rein-

corporación ao posto de traballo de todas aquelas persoas traballadoras que padecen COVID persistente e que presentan patoloxías que non lles permiten renovar a súa vida cotiá, incluíndo o normal desempeño do seu posto de traballo. Propoñemos que se realicen recoñecementos médicos, tras longas ausencias ao posto de traballo debido á enfermidade, para avaliar o estado de saúde da persoa traballadora e que se adapte o posto de traballo en función das novas necesidades de saúde da persoa enferma de COVID persistente.

Como tema pendente, debemos lembrar que a día de hoxe a COVID-19 non se recoñece no noso país como enfermidade profesional, como así reivindicamos desde UGT desde o inicio da pandemia. É por isto que reclamamos que a COVID-19 sexa incluída na listaxe de enfermidades profesionais deste país, ampliando os sectores que recolle a Recomendación (UE) 2022/2337 para dar cobertura a todos aqueles afectados pola exposición laboral a este virus.